

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2021

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Contidos

- | | | |
|-------|--|---------|
| I. | Contexto galego e marco europeo de competencias dixitais | Páx. 4 |
| II. | Modelo de análise | Páx. 11 |
| III. | Competencias Dixitais Xerais da poboación galega | Páx. 14 |
| IV. | Competencias Dixitais da poboación galega: dimensións | Páx. 22 |
| V. | Competencias Dixitais da poboación galega: dimensións e características demográficas | Páx. 31 |
| VI. | Perfil da poboación que acada alomenos competencias básicas | Páx. 37 |
| VII. | Conclusións | Páx. 44 |
| VIII. | Outros estudos OSIMGA de referencia | Páx. 46 |





I. Contexto galego e marco europeo de competencias dixitais

Fontes Consultadas no capítulo:

<https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?tpx=39483#!tabs-tabla>
http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_fogares_2020.pdf
http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/si2020_poboacion.pdf
http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/20210303_informe_stem.pdf
http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/202102_informe_hipersector_tic_2020_def.pdf
http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_mulleres_tecnologas_2020.pdf
http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_empresas_2020.pdf
http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_empresastic2020.pdf



I. Introducción

A constante transformación dixital da nosa sociedade ven recibindo pulos da administración galega tras 10 anos de estratexias dixitais en Galicia (2014.gal e Axenda Dixital de Galicia 2020). Neste marco nace a Estratexia Galicia Dixital 2030, centrada no novo contexto da transformación dixital, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha “Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ninguén atrás”.

O 2 de setembro de 2021, o Consello da Xunta de Galicia aproba o Decreto que regula o novo certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. O Marco galego de competencias dixitais establece os criterios para avaliar e certificar os coñecementos e as habilidades para os novos contextos dixitais da cidadanía. Nesta aposta, Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.

Neste contexto é vital coñecer a situación de partida e valorar as necesidades para que a dixitalización sexa unha vantaxe para todos. Así, para a realización deste informe analizáronse os datos procedentes da Enquisa TIC nos fogares do ano 2020 (ETH) realizada polo INE, que permite obter unha foto da situación actual das competencias dixitais en Galicia aplicando metodoloxías propostas polo propio INE e EUROSTAT.

Analízase a poboación galega en relación a catro niveis de competencias dixitais: *ningunha*, *baixa*, *básica* e *avanzada*. Esta segmentación constrúese en función da capacidade de realización de determinadas actividades e tarefas na internet relacionadas coa **Información** (buscar información na rede, interaccionar coas Administracións Públicas entre outras), a **Comunicación** (usar o correo electrónico, redes sociais, etc.), a **Resolución de problemas a través de Internet** (compras, aprendizaxe en liña, entre outras actividades) e o **Uso de software** (editar fotos, follas de cálculo, etc.). O informe persigue tres grandes obxectivos:

- ✓ Determinar as habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos.
- ✓ Describir os diferentes niveis de habilidades dixitais e informáticas da poboación tendo en conta o perfil socio demográfico.
- ✓ Ser un marco de referencia para medir as tendencias e necesidades para a dixitalización da poboación galega.

En definitiva, permite detectar as fendas dixitais nos diferentes segmentos da poboación galega para impulsar o obxectivo de conseguir unha Sociedade Dixital Inclusiva.

I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dinámicas da poboación galega


A Comunidade Galega conta cunha serie de características sociodemográficas propias que se deben ter en conta cando se fala de sociedade dixital e inclusión dixital.

A poboación galega caracterízase polo seu nivel de avellentamento significativo, que tamén se observa en toda Europa. Pódese apreciar na pirámide de poboación unha tendencia común á maior parte dos países de Europa. A poboación galega acada unha media de idade de 47,5 anos fronte aos 43,8 anos de media de España e dos 43,6 anos da UE.

Ademais, máis do 75% da poboación reside nas dúas provincias occidentais de Galicia (A Coruña e Pontevedra) e existe, a día de hoxe, máis peso da poboación feminina (as mulleres representan o 52% da poboación galega). Son cuestións a ter en conta ao avaliar as políticas e accións que se traduzan nunha sociedade dixital máis inclusiva.

Por outra banda, cabe salientar o punto de inflexión que se produce no ano 2020 debido ao impacto da Covid-19, que incrementou a adopción do teletraballo e da teleformación, do ocio e do comercio online, polo que estas habilidades convértense en vitais.

Pirámide de Poboación de Galicia



Fonte: INE. Estatística do Padrón Continuo. Datos provisionais ao 1 de xaneiro de 2021. Elaboración Propia

O crecemento do Sector TIC e as novas tendencias: Teletraballo e Tecnoloxías Disruptivas

O sector tecnolóxico galego crece con vigor e rexistra 2.897 empresas activas no ano 2019 (114 empresas máis que en 2018), cun volume de negocio de 2.872 millóns de euros, un 2,5% máis que o ano anterior. Cun Valor Engadido Bruto (VEB) superior aos 1.500 millóns de euros, o sector TIC supón o 2,44% do PIB total de Galicia (Fonte: [Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia. Edición 2020](#))

Nas empresas tecnolóxicas galegas, o 63,4% afirma contar con empregados que teletraballan, o que supón un incremento do 91,5% nun só ano. O 96% dos empregados que teletraballan, fano dende o propio domicilio.

Outras tendencias observadas nas empresas TIC galegas neste último ano son a implantación das tecnoloxías disruptivas no sector TIC galego. No citado estudo recóllese que o 27,1% das empresas TIC utilizan e/ou incorporan aos seus produtos e servizos o denominado IOT (Internet das cousas). En segundo lugar, nas tecnoloxías disruptivas sitúase o Bussiness Intelligence, que xa é utilizado polo 26% das empresas TIC e, en terceiro lugar, figura o uso da Intelixencia artificial (19,5%).



O 19,5% das Empresas TIC fai uso da Intelixencia artificial.

No 2020, preto dun 32% das empresas TIC venderon os seus produtos ou servizos a través do comercio electrónico, un 7,1% máis que o ano anterior



I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dixitalización dos fogares galegos


Nove de cada dez fogares galegos (90,3%) ten un servizo de Internet contratado segundo se indica no estudo [*"Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2020"*](#) elaborado polo OSIMGA.

A contratación de Internet nos fogares galegos incrementouse nun 7,4% respecto ao ano 2017 fronte ao 4,6% de aumento da media europea no mesmo período.



Fogares con Internet Contratado Evolución Galicia 2017-2020

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2020)




O 90,3% dos fogares galegos contan con Internet contratado, e a contratación de velocidades de máis de 100 Mbps triplicouse no período 2017-2020

No ano 2020, o proceso de adopción da dixitalización por parte da poboación galega consolídase. Ademais, a crise ocasionada pola COVID-19 impulsa novos hábitos na cidadanía como as videochamadas, ocio online e as compras online, o que ven a impulsar os indicadores de dixitalización.

Neste contexto destácase que o crecemento na contratación a internet rexístrase especialmente nos núcleos de menos de 5.000 habitantes, onde a contratación de Internet sitúase no 84%, cun incremento no período 2017-2020 do 14%. Nos concellos que teñen entre 5.001 e 10.000 habitantes, a porcentaxe elévase ao 88,4% e o incremento nese mesmo período supera o 18%.



Fogares con Internet contratado Ano 2020



Fonte: OSIMGA + IGE 2020

I. III. Perfil sociodemográfico do Internauta



CONVERXENCIA COA MEDIA EUROPEA

Pola outra banda, no ano 2020 o 87,7% da poboación galega con idade entre 16 e 74 anos utilizou Internet, crecendo un 2,5 % sobre o ano anterior

A evolución de persoas no uso Internet nos tres últimos meses en Galicia non período 2017-2020 é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou os usuarios activos da internet nun 11,9% dende ou ano 2017, fronte ao 10,2% do conxunto de España e ou 7,3% da Unión Europea.

Non só mellora a converxencia de Galicia nos niveis de dixitalización de España e Europa senón que por primeira vez, o nivel de uso da internet en Galicia nos últimos tres meses (87,7%) é superior á media europea (87%).


O uso de internet entre as persoas de entre 16 e 44 anos en 2020 foi practicamente universal en Galicia, con porcentaxes moi similares aos da media española e europea.



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Evolución Galicia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2020)

Perfil do Internauta

SEXO: MULLER

87,8%

IDADE: 16-24 ANOS

99,3%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

99,8%

ESTUDOS: UNIVERSITARIOS

99,6%

HÁBITAT: MÁIS DE 50 MIL HABITANTES

92,1%

Nº PERSOAS NO FOGAR: 4 MEMBROS

94,1%

Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE (2020)

I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dixitalización dos fogares galegos



O dispositivo co uso máis estendido entre a cidadanía de Galicia é o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet –smartphone– (90,8% da poboación).

Máis de 1.737.900 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que representa un incremento de máis de 169.015 internautas nos últimos catro anos.




Entre os galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, un 89,8% faíno a diario, dato que supera lixeiramente a media estatal (89,1%).

A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet durante o ano 2020 para obter información foi do 75%, o que supón un incremento do 6,2% con respecto ao 2019 e sitúa a Galicia por riba dos valores estatais e europeos.




Fogares con ordenadores segundo o tipo de hábitat
Evolución 2019-2020
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



En 2020, un 76,4% dos fogares galegos dispoñía dalgún tipo de ordenador (sobremesa, portátiles, tablets ou PDA), o que supón que no transcurso dun ano este indicador elevouse un 2,4%.




Fogares con ordenador
Evolución Galicia
(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Tal e como se recolle no estudo *"Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2020"*, a dispoñibilidade de ordenador no fogar varía en función do nivel de renda ou do tamaño da poboación. As vivendas situadas nos concellos de máis de 20.000 habitantes son as que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica pero cabe salientar que, precisamente, **os concellos de menos de 5.000 habitantes son os que presentan un maior crecemento (6,7%) na dispoñibilidade de ordenador respecto ao ano 2019.**

Fogares con Ordenador
Ano 2020





I. II. Transformación Dixital

TENDENCIAS QUE SE AFIANZAN

A DIXITALIZACIÓN DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

O 87,8% das galegas e o 87,5% dos galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses. É un dato que corrobora a eliminación da fenda de xénero no uso de Internet entre galegos e galegas a nivel global, seguindo a tendencia observada tamén no territorio estatal e europeo.

Diferenza entre homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)
Ano 2020



Fonte: EEF 2020 (OSIMGA + IGE) / INE (2020) / EUROSTAT (2020)
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes



II. Modelo de análise

II. Metodoloxía



A Comisión Europea estableceu, a través do Eurostat, **un indicador de competencias dixitais da poboación** que se integra na dimensión de Capital Humano do índice DESI, co que se mide a dixitalización dos países membros da UE.

Para construír este indicador tómanse os datos que proveñen da Enquisa TIC a fogares dos países membros. No noso caso, os datos proveñen da Enquisa TIC- H realizada polo INE. Nese informe considéranse os últimos datos publicados no ano 2020.

O indicador de competencias dixitais está formado por catro dimensións que permiten construír o índice que mide as habilidades dixitais da poboación.

Estas catro dimensións son as seguintes:


- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa información
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa comunicación
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa resolución de problemas
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas co manexo de software (competencias informáticas)

A fonte de información a utilizar para a elaboración deste informe son os micro datos da «Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación dos fogares» (Enquisa TIC- H) do INE do ano 2020.



Nota: En todas as dimensións establécese a categoría de "Non avaliábeis" que son as persoas de 16 a 74 anos que non se conectaron a Internet nos últimos 3 meses

II. I. Definición das competencias dixitais





III. Competencias Dixitais Xerais da poboación galega


III. Competencias Dixitais

Indicador Global



Competencias dixitais da poboación galega

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (ETH) 2020
Base: Persoas de 16 a 74 anos

A transformación dixital da sociedade galega refléxase nos datos obtidos no indicador de Competencias Dixitais. No 2020 o 35,3%% de galegos e galegas entre 16 e 74 anos ten competencias dixitais avanzadas, é dicir, ten un uso superior ao básico en todas as dimensións de habilidades dixitais relacionadas coa información, a comunicación, a resolución de problemas e o manexo do software.

III. Competencias Dixitais

Indicador Global-Evolución Galicia



Fonte: Fonte: INE (ETH) 2019-2020
Base: Persoas de 16 a 74 anos

No último ano, a porcentaxe de poboación galega que ten competencias dixitais avanzadas incrementábase nun 21,7%, acadando un 35,3%.

Ao mesmo tempo, obsérvase que diminúe a porcentaxe de poboación con competencias básicas, sen competencias ou non avaliables (non acceden a internet), o que explica o crecemento do colectivo con competencias dixitais avanzadas

III. Competencias Dixitais

Indicador Global-Evolución Galicia-España



INCREMENTO DAS COMPETENCIAS AVANZADAS

Entre 2019 e 2020, a poboación galega con competencias dixitais avanzadas experimentou un crecemento relativo do 21,7%, mentres que o crecemento no territorio nacional no mesmo período foi de 13,9%.


Este crecemento indica que, a pesar de que a porcentaxe de poboación que non se conecta a Internet é maior que no territorio nacional en 2020 (12,6% fronte 6,8%), as competencias avanzadas dos galegos/as van crescendo a maior ritmo que a media nacional.

INCREMENTO EN COMPETENCIAS DIXITAIS AVANZADAS NO PERIODO 2019-2020

Galicia: 21,7%, España: 13,9%




Competencias dixitais da poboación de 16 a 74 anos
Comparación Galicia- España
Evolución 2019-2020
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: Fonte: INE (ETH) 2019-2020
Base: Persoas de 16 a 74 anos

III. Competencias Dixitais

Indicador Global –Comparación Galicia, España, UE



Fonte: Fonte: INE (ETH) 2020 + EUROSTAT 2019

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota: UE28 dato disponible ata 2019. Máis información no seguinte enderezo: https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/isoc_sk_dskl_i/default/table?lang=en


A porcentaxe de poboación galega con competencias dixitais avanzadas é superior ao dato obtido en Europa no ano 2019*, se ben, sitúase por baixo da media estatal. Isto débese ás propias características da poboación galega (envellecemento, dispersión poboacional...). Nos capítulos seguintes confirmarase que os factores sociodemográficos singulares de Galicia, especialmente o maior peso dos colectivos de maior idade, condicionan e moderan o nivel de dixitalización xeral.

III. Competencias Dixitais



Competencias Dixitais segundo características sociodemográficas principais

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (ETH) 2020 + EUROSTAT 2019

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"

IV. Competencias Dixitais: Características Sociodemográficas



XERAL



		Competencias Dixitais				
		Ningunha	Baixa	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Home	2,3%	29,5%	20,3%	34,8%	13,0%
	Muller	1,7%	37,4%	13,6%	35,3%	12,1%
	Total (%)	2,0%	33,4%	16,8%	35,3%	12,6%
Idade	16-24 anos	---	18,2%	16,4%	65,4%	---
	25-34 anos	---	25,6%	20,0%	54,4%	---
	35-44 anos	0,9%	27,4%	24,5%	44,3%	2,9%
	45-54 anos	1,0%	38,6%	17,7%	36,7%	5,9%
	55-64 anos	5,1%	42,3%	16,7%	19,2%	16,7%
	65-74 anos	3,8%	39,7%	4,4%	5,8%	46,3%
	Total (%)	2,0%	33,4%	16,8%	35,3%	12,6%
Situación Laboral	Estudantes	---	2,9%	10,2%	86,9%	---
	Persoa ocupada por conta allea	1,1%	27,8%	19,6%	50,7%	0,9%
	Persoa ocupada por conta propia	2,0%	53,2%	16,3%	23,0%	5,5%
	Parado	2,5%	40,8%	22,8%	21,6%	12,3%
	Labores do fogar	4,0%	44,3%	10,2%	3,8%	37,6%
	Pensionistas e outra poboación inactiva	2,6%	32,6%	17,7%	20,1%	27,0%
	Total (%)	2,0%	33,4%	16,8%	35,3%	12,6%
Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	2,2%	30,8%	4,9%	1,1%	61,0%
	Educación Primaria	5,1%	46,0%	4,2%	4,3%	40,4%
	1º etapa Ed.Secundaria	3,3%	51,7%	17,3%	19,0%	8,7%
	2º etapa Ed.Secundaria	1,9%	33,8%	20,7%	37,8%	5,8%
	FP Grao Superior	0,4%	24,8%	25,6%	47,7%	1,5%
	Educación Universitaria	---	13,0%	17,4%	69,2%	0,4%
	Total (%)	2,0%	33,4%	16,8%	35,3%	12,6%

		Competencias Dixitais				
		Ningunha	Baixa	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Tamaño Hábitat	Menos de 500 mil habitantes	---	36,1%	13,7%	44,3%	5,9%
	De 100 a 500 mil habitantes	4,5%	29,0%	13,3%	42,5%	10,7%
	De 50 a 100 mil habitantes	2,7%	26,5%	15,0%	41,7%	14,0%
	De 20 a 50 mil habitantes	1,4%	32,5%	18,6%	35,6%	11,9%
	De 10 a 20 mil habitantes	2,3%	34,1%	16,1%	33,4%	14,1%
	Menos de 10 mil habitantes	2,5%	35,4%	21,2%	22,9%	18,0%
	Total (%)	2,0%	33,4%	16,8%	35,3%	12,6%
Ingresos do Fogar	Menos de 900 euros	2,7%	41,5%	8,9%	14,6%	32,2%
	De 900 a menos de 1.600 euros	3,2%	32,4%	15,8%	32,8%	15,8%
	De 1.600 a menos de 2.500 euros	1,5%	28,2%	22,3%	41,4%	6,5%
	De 2.500 a menos de 3.000 euros	---	25,1%	32,5%	38,6%	3,8%
	3.000 ou máis euros	---	19,4%	15,2%	62,7%	2,8%
	Total (%)	2,0%	33,4%	16,8%	35,3%	12,6%

III. Competencias Dixitais

Segundo características sociodemográficas



Segundo os gráficos anteriores, a análise das competencias dixitais segundo características sociodemográficas da poboación reflicte que:



As competencias avanzadas están máis estendidas entre as persoas de 16 a 24 anos (65,4%) e tamén entre aqueles galegos/as que actualmente están a estudar (86,9%). Ademais, este tipo de habilidades na contorna dixital é máis frecuente entre aqueles/as que teñen formación universitaria (69,2%) e contan con rendas superiores aos 3.000 euros ao mes (62,7%).



As competencias dixitais básicas non superan en ningunha categoría sociodemográfica o 33% da poboación determinada por ese perfil, sendo entre a poboación con ingresos no fogar superiores aos 2.500 euros e inferiores aos 3.000 euros onde maior representación ten (35,2%).



As competencias dixitais baixas destacan entre os autónomos/as (por conta propia – 53,2%) a poboación a partir dos 55 anos, os/as dedicados a labores do fogar ou pensionistas, quen conta cun nivel de estudos inferior á segunda etapa de secundaria, e entre aqueles/as que contan con renda inferior aos 900 euros



A porcentaxe de poboación sen ningunha competencia dixital non acada o 5,5% en ningunha das categorías sociodemográficas, sendo entre a poboación de máis de 55 anos, os/as que se dedican aos labores do fogar e as persoas cun nivel de estudos ata a educación primaria, onde maior representación alcanza, en torno ao 5,1%.




IV. Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións

IV. Competencias Dixitais


Competencias dixitais por tipo e actividade. Galicia




COMPETENCIA DE INFORMACIÓN





ACTIVIDADES CONTEMPLADAS



COMPETENCIA DE COMUNICACION



ACTIVIDADES CONTEMPLADAS



O 72,5% da poboación galega de 16 a 74 anos ten competencias avanzadas na categoría de información, sendo a actividade máis estendida entre os galegos/ as nesta categoría a *procura de información sobre bens e servizos e sobre temas de saúde*.

O 68,5% da poboación galega de 16 a 74 anos presenta competencias avanzadas de comunicación, sendo a realización de videochamadas a través de internet e o uso do correo electrónico, as actividades máis frecuentes.

IV. Competencias Dixitais


Competencias dixitais por tipo e actividade. Galicia



Máis da metade poboación de 16 a 74 anos presenta competencias avanzadas na dimensión de *resolución de problemas* (54%), sendo o uso da *banca electrónica* a actividade máis realizada polos galegos/as (58,1%) seguido da *compra online* (55,3%) e *instalar software* 50,1%)


No referente ás competencias avanzadas no uso de *software* (40,4%), o uso do *procesador de texto* é a actividade que máis realizan os galegos/as cun 48,5%.

COMPETENCIA DE RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS




■ Avanzadas ■ Básicas ■ Ninguhna ■ Non avaliables

ACTIVIDADES CONTEMPLADAS




COMPETENCIA DE SOFTWARE



■ Avanzadas ■ Básicas ■ Ninguhna ■ Non avaliables


ACTIVIDADES CONTEMPLADAS



IV. Competencias Dixitais: Competencia de Información. Comparativa e evolución



COMPETENCIA DE INFORMACIÓN




As habilidades de información son as máis estendidas tanto entre a poboación galega como entre a poboación española de 16 a 74 anos.

Lembremos que este indicador componse de accións simples tales como: copiar ou mover ficheiros ou buscar información sobre bens, servizos ou temas de saúde.



En 2020, o 72,5% dos galegos/as de 16 a 74 anos teñen habilidades avanzadas en materia de información, o que supón un incremento do 10,7% respecto ao ano anterior fronte ao 7,5% da media estatal.


Competencias de Información Galicia-España Evolución año 2019-2020 (% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



IV. Competencias Dixitais: Competencia de Comunicación.



COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN



■ Avanzadas ■ Básicas ■ Ningunha ■ Non avaliables




O 68,4% dos galegos/as con idades comprendidas entre os 16 e 74 anos teñen habilidades avanzadas en materia de comunicación.

Este indicador creceu un 17,9% respecto ao ano anterior, polo que é a competencia que máis está a medrar entre a cidadanía, posiblemente ao estenderse as habilidades de realizar videochamadas a través de Internet.

Este ritmo de crecemento foi lixeiramente superior ao que rexistrou a media estatal (17% de incremento no período 2019 -2020)

Competencias de Comunicación Galicia-España Evolución año 2019-2020

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



■ Non avaliables ■ Ningunha ■ Básicas ■ Avanzadas


Fonte: INE (ETH) 2019-2020
Base: Persoas de 16 a 74 anos

IV. Competencias Dixitais:

Competencia de Resolución de Problemas. Comparativa e evolución




COMPETENCIA DE RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS



Competencias de Resolución de Problemas Galicia-España Evolución año 2019-2020

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



■ Non aviables ■ Ningunha ■ Básicas ■ Avanzadas



Máis da metade da poboación galega de 16 a 74 anos (54%) ten competencias avanzadas en resolución de problemas (usar banca electrónica, realizar compras en liña, etc.). Aínda que se observa un crecemento positivo deste indicador no último ano (2,5%) aínda está por baixo do ritmo de crecemento estatal.

Fonte: Fonte: INE (ETH) 2019-2020
Base: Persoas de 16 a 74 anos




IV. Competencias Dixitais:


Competencia de Software. Comparativa e evolución



COMPETENCIA DE SOFTWARE



Competencias de Software
Galicia-España
Evolución año 2019-2020
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Un 40,4% dos galegos/ as de 16 a 74 anos teñen habilidades avanzadas en manexo de software, é dicir, polo menos, realizaron unha das seguintes tarefas: crear presentacións, utilizar funcións avanzadas de follas de cálculo ou utilizaron unha linguaxe de programación.

No último ano en Galicia, as competencias avanzadas en software creceron un 7,7% con respecto ao ano anterior mentres que no conxunto do territorio nacional o crecemento foi menor (5,5%).


IV. Competencias Dixitais: Dimensións. Comparativa UE



Competencias dixitais da poboación de 16 a 74 anos
Comparación Galicia, España, UE
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Información

Comunicación



Resolución de problemas

Software



Fonte: Fonte: INE (ETH) 2020 + EUROSTAT 2019

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota: UE28 dato disponible ata 2019. Máis información no seguinte enderezo: https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/isoc_sk_dskl_i/default/table?lang=en

IV. Competencias Dixitais: Dimensións. Comparativa UE 28



As capacidades dixitais relacionadas coa **Xestión da información** son as máis estendidas entre a poboación galega onde o 72,5% da poboación ten un **nivel avanzado e sitúase por riba do último dato dispoñible da Unión Europea (71%)**.



As competencias en Comunicación (68,4% **en nivel avanzado**) é a que máis se incrementou entre 2019 e 2020 en Galicia (incremento do 17,9%) e sitúase igualmente **por riba do último dato dispoñible da Unión Europea (67%)**.



Na categoría de Resolución de Problemas (54% **en nivel avanzado**) é onde se rexistra a maior diferenza co último dato dispoñible para a Unión Europea (59%)



As capacidades relacionadas co manexo de software son as menos estendidas entre a poboación galega de 16 a 74 anos, presentando **un nivel avanzado** no 40,4% da poboación aínda que en valores próximos á media europea (41%).





V. Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións e características sociodemográficas

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas



COMPETENCIA DE INFORMACIÓN



		Competencias Dixitais de Información			
		Ningunha	Básicas	Avanzadas	Non avaluables
Xénero	Home	8,3%	6,5%	72,1%	13,0%
	Muller	6,8%	8,2%	72,9%	12,1%
	Total (%)	7,6%	7,4%	72,5%	12,6%
Idade	16-24 anos	4,5%	3,5%	92,0%	---
	25-34 anos	3,6%	5,7%	90,7%	---
	35-44 anos	3,2%	6,6%	87,3%	2,9%
	45-54 anos	7,3%	3,5%	83,3%	5,9%
	55-64 anos	12,3%	13,0%	57,9%	16,7%
	65-74 anos	12,8%	10,6%	30,4%	46,3%
	Total (%)	7,6%	7,4%	72,5%	12,6%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	15,0%	7,0%	59,7%	18,3%
	Fogares de 2 membros	10,7%	11,8%	52,3%	25,2%
	Fogares de 3 membros	6,7%	8,6%	78,4%	6,4%
	Fogares de 4 membros	3,7%	2,9%	86,4%	6,9%
	Fogares de 5 ou máis membros	4,0%	3,5%	89,0%	3,5%
	Total (%)	7,6%	7,4%	72,5%	12,6%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	8,6%	6,5%	77,3%	7,6%
	De 50 a 100 mil habitantes	2,7%	10,4%	72,9%	14,0%
	De 20 a 50 mil habitantes	4,0%	5,7%	78,4%	11,9%
	De 10 a 20 mil habitantes	8,8%	7,9%	69,2%	14,1%
	Menos de 10 mil habitantes	9,0%	8,6%	64,3%	18,0%
	Total (%)	7,6%	7,4%	72,5%	12,6%
Provincia	A Coruña	4,5%	8,1%	76,4%	11,0%
	Lugo	10,8%	5,5%	66,0%	17,7%
	Ourense	7,8%	8,6%	71,8%	11,7%
	Pontevedra	10,2%	6,7%	70,2%	13,0%
	Total (%)	7,6%	7,4%	72,5%	12,6%

		Competencias Dixitais de Información			
		Ningunha	Básicas	Avanzadas	Non avaluables
Sit. Laboral	Activos ocupados	6,4%	6,0%	85,9%	1,7%
	Activos parados	5,9%	11,4%	70,3%	12,3%
	Estudantes	---	4,5%	95,5%	---
	Labores do fogar	19,1%	9,3%	52,3%	19,4%
	Pensionistas	12,2%	10,6%	34,1%	43,1%
	Outra situación laboral	8,5%	5,5%	59,0%	27,0%
	Total (%)	7,6%	7,4%	72,5%	12,6%
Nivel de Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	9,2%	8,9%	21,0%	61,0%
	Educación Primaria	20,1%	9,4%	30,2%	40,4%
	Primeira etapa de Educación Secundaria	12,1%	9,9%	69,3%	8,7%
	Segunda etapa de Educación Secundaria	5,7%	7,9%	80,4%	5,9%
	Formación Profesional de Grao Superior	2,5%	2,9%	93,1%	1,5%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	1,4%	4,9%	93,2%	0,5%
	Licenciatura universitaria, máster e equivale	1,2%	6,0%	92,4%	0,4%
	Doutoramento universitario	---	---	100%	---
	Outros	---	---	100%	---
	Total (%)	7,6%	7,4%	72,5%	12,6%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas



COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN



		Competencias Dixitais de Comunicación			
		Ningunha	Básicas	Avanzadas	Non avaliadas
Xénero	Home	5,4%	13,5%	68,1%	13,0%
	Muller	8,0%	11,2%	68,7%	12,1%
	Total (%)	6,7%	12,3%	68,4%	12,6%
Idade	16-24 anos	1,1%	1,5%	97,4%	---
	25-34 anos	2,2%	6,1%	91,7%	---
	35-44 anos	4,9%	9,4%	82,8%	2,9%
	45-54 anos	6,4%	12,2%	75,5%	5,9%
	55-64 anos	11,1%	19,3%	52,8%	16,7%
	65-74 anos	11,4%	19,4%	22,9%	46,3%
	Total (%)	6,7%	12,3%	68,4%	12,6%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	9,1%	14,0%	58,6%	18,3%
	Fogares de 2 membros	8,7%	15,4%	50,7%	25,2%
	Fogares de 3 membros	6,5%	13,0%	74,1%	6,4%
	Fogares de 4 membros	3,7%	8,7%	80,6%	6,9%
	Fogares de 5 ou máis membros	9,0%	9,4%	78,1%	3,5%
	Total (%)	6,7%	12,3%	68,4%	12,6%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	6,1%	12,8%	73,5%	7,6%
	De 50 a 100 mil habitantes	5,3%	5,9%	74,8%	14,0%
	De 20 a 50 mil habitantes	6,1%	11,1%	71,0%	11,9%
	De 10 a 20 mil habitantes	7,5%	13,0%	65,4%	14,1%
	Menos de 10 mil habitantes	7,9%	13,5%	60,6%	18,0%
	Total (%)	6,7%	12,3%	68,4%	12,6%
Provincia	A Coruña	5,6%	11,0%	72,3%	11,0%
	Lugo	9,2%	13,8%	59,2%	17,7%
	Ourense	8,5%	10,2%	69,5%	11,7%
	Pontevedra	6,7%	14,1%	66,3%	13,0%
	Total (%)	6,7%	12,3%	68,4%	12,6%

		Competencias Dixitais de Comunicación			
		Ningunha	Básicas	Avanzadas	Non avaliadas
Sit. Laboral	Activos ocupados	4,9%	11,0%	82,4%	1,7%
	Activos parados	6,8%	14,1%	66,8%	12,3%
	Estudantes	1,4%	2,0%	96,6%	---
	Labores do fogar	13,7%	14,0%	52,9%	19,4%
	Pensionistas	12,1%	19,7%	25,1%	43,1%
	Outra situación laboral	8,6%	12,5%	52,0%	27,0%
	Total (%)	6,7%	12,3%	68,4%	12,6%
Nivel de Estudios	Analfabetos e primaria incompleta	4,6%	17,7%	16,8%	61,0%
	Educación Primaria	14,9%	22,5%	22,3%	40,4%
	Primeira etapa de Educación Secundaria	9,3%	14,7%	67,3%	8,7%
	Segunda etapa de Educación Secundaria	7,1%	7,7%	79,3%	5,9%
	Formación Profesional de Grao Superior	0,7%	13,9%	84,0%	1,5%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	1,2%	8,4%	89,9%	0,5%
	Licenciatura universitaria, máster e equivale	5,5%	6,3%	87,9%	0,4%
	Doutoramento universitario	---	---	100%	---
	Outros	51,5%	23,2%	25%	---
	Total (%)	6,7%	12,3%	68,4%	12,6%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas



RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS



Competencias Dixitais de Resolución de Problemas		Ningunha	Básicas	Avanzadas	Non avaliadas
Xénero	Home	11,3%	18,7%	56,9%	13,0%
	Muller	14,4%	23,8%	49,8%	12,1%
	Total (%)	12,5%	20,9%	54,0%	12,6%
Idade	16-24 anos	0,0%	17,9%	82,1%	---
	25-34 anos	10,7%	9,7%	79,5%	---
	35-44 anos	5,8%	20,6%	70,7%	2,9%
	45-54 anos	11,6%	21,9%	60,6%	5,9%
	55-64 anos	21,4%	32,6%	29,3%	16,7%
	65-74 anos	22,8%	19,4%	11,6%	46,3%
	Total (%)	12,5%	20,9%	54,0%	12,6%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	20,8%	19,3%	41,6%	18,3%
	Fogares de 2 membros	17,6%	24,0%	33,3%	25,2%
	Fogares de 3 membros	12,6%	20,7%	60,3%	6,4%
	Fogares de 4 membros	5,4%	22,0%	65,7%	6,9%
	Fogares de 5 ou máis membros	15,1%	11,8%	69,6%	3,5%
	Total (%)	12,5%	20,9%	54,0%	12,6%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	11,6%	21,0%	59,9%	7,6%
	De 50 a 100 mil habitantes	6,9%	16,2%	62,9%	14,0%
	De 20 a 50 mil habitantes	11,7%	20,2%	56,2%	11,9%
	De 10 a 20 mil habitantes	18,0%	18,6%	49,3%	14,1%
	Menos de 10 mil habitantes	12,8%	25,8%	43,4%	18,0%
	Total (%)	12,5%	20,9%	54,0%	12,6%
Provincia	A Coruña	9,0%	23,0%	57,0%	11,0%
	Lugo	16,8%	21,2%	44,3%	17,7%
	Ourense	13,4%	28,6%	46,3%	11,7%
	Pontevedra	16,0%	16,7%	54,3%	13,0%
	Total (%)	12,5%	20,9%	54,0%	12,6%

Competencias Dixitais de Resolución de Problemas		Ningunha	Básicas	Avanzadas	Non avaliadas
Sit. Laboral	Activos ocupados	10,0%	21,2%	67,1%	1,7%
	Activos parados	13,5%	24,5%	49,7%	12,3%
	Estudantes	---	3,4%	96,6%	---
	Labores do fogar	39,3%	27,1%	14,2%	19,4%
	Pensionistas	21,2%	21,9%	13,8%	43,1%
	Outra situación laboral	10,6%	28,4%	34,1%	27,0%
	Total (%)	12,5%	20,9%	54,0%	12,6%
Nivel de Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	15,0%	21,2%	2,8%	61,0%
	Educación Primaria	24,5%	28,5%	6,6%	40,4%
	Primeira etapa de Educación Secundaria	21,2%	29,6%	40,4%	8,7%
	Segunda etapa de Educación Secundaria	13,1%	18,0%	63,0%	5,9%
	Formación Profesional de Grao Superior	3,5%	17,8%	77,3%	1,5%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	2,1%	18,5%	78,9%	0,5%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalente	3,4%	11,2%	85,0%	0,4%
	Doutoramento universitario	---	---	100%	---
	Outros	---	48,5%	52%	---
	Total (%)	12,5%	20,9%	54,0%	12,6%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas



COMPETENCIA DE SOFTWARE



		Competencias Dixitais de Software			
		Ningunha	Básicas	Avanzadas	Non avaluables
Xénero	Home	28,3%	16,3%	42,3%	13,0%
	Muller	36,1%	13,2%	38,6%	12,1%
Total (%)		32,3%	14,7%	40,4%	12,6%
Idade	16-24 anos	15,9%	12,5%	71,6%	---
	25-34 anos	19,6%	21,5%	58,9%	---
	35-44 anos	26,2%	20,2%	50,7%	2,9%
	45-54 anos	37,9%	13,0%	43,2%	5,9%
	55-64 anos	43,9%	14,1%	25,3%	16,7%
	65-74 anos	39,0%	7,0%	7,7%	46,3%
Total (%)		32,3%	14,7%	40,4%	12,6%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	41,1%	11,0%	29,7%	18,3%
	Fogares de 2 membros	37,3%	13,5%	24,1%	25,2%
	Fogares de 3 membros	35,3%	15,8%	42,5%	6,4%
	Fogares de 4 membros	23,7%	16,4%	52,9%	6,9%
	Fogares de 5 ou máis membros	22,1%	13,6%	60,8%	3,5%
Total (%)		32,3%	14,7%	40,4%	12,6%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	30,6%	15,8%	46,0%	7,6%
	De 50 a 100 mil habitantes	26,4%	17,0%	42,5%	14,0%
	De 20 a 50 mil habitantes	30,9%	13,1%	44,2%	11,9%
	De 10 a 20 mil habitantes	34,9%	13,4%	37,6%	14,1%
	Menos de 10 mil habitantes	35,0%	15,0%	32,0%	18,0%
Total (%)		32,3%	14,7%	40,4%	12,6%
Provincia	A Coruña	28,8%	16,6%	43,6%	11,0%
	Lugo	36,6%	18,2%	27,4%	17,7%
	Ourense	37,2%	8,0%	43,0%	11,7%
	Pontevedra	33,3%	13,8%	39,8%	13,0%
Total (%)		32,3%	14,7%	40,4%	12,6%

		Competencias Dixitais de Software			
		Ningunha	Básicas	Avanzadas	Non avaluables
Sit. Laboral	Activos ocupados	31,0%	14,1%	53,2%	1,7%
	Activos parados	34,8%	26,0%	26,9%	12,3%
	Estudantes	2,9%	5,1%	92,0%	---
	Labores do fogar	58,5%	22,1%	---	19,4%
	Pensionistas	39,4%	10,8%	6,7%	43,1%
	Outra situación laboral	35,2%	13,9%	23,9%	27,0%
Total (%)		32,3%	14,7%	40,4%	12,6%
Nivel de Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	31,6%	4,4%	3,0%	61,0%
	Educación Primaria	49,8%	5,5%	4,3%	40,4%
	Primeira etapa de Educación Secundaria	50,2%	17,9%	23,2%	8,7%
	Segunda etapa de Educación Secundaria	30,3%	20,5%	43,4%	5,9%
	Formación Profesional de Grao Superior	25,2%	15,0%	58,3%	1,5%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	12,4%	10,7%	76,4%	0,5%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalente	10,4%	15,2%	74,1%	0,4%
	Doutoramento universitario	---	---	100%	---
Outros		23,2%	25,2%	52%	---
Total (%)		32,3%	14,7%	40,4%	12,6%



Cabe salientar que nas dimensións de Información e Comunicación, as mulleres superan lixeiramente aos homes no nivel avanzado mentres que nas categorías de Resolución de Problemas e Software constátase que existe fenda dixital de xénero (7,1 e 3,7 puntos de diferenza, respectivamente).

Tendo en conta as competencias dixitais básicas da poboación galega de 16 a 74 anos en cada unha das dimensións, obsérvase que son as persoas maiores de 55 anos, inactivas (parados, labores do fogar, pensionistas,..), e os que teñen estudos inferiores á Educación Secundaria, os que acadan porcentaxes máis elevadas dentro das competencias básicas.



De novo, as porcentaxes máis elevadas sen ningunha competencia dixital son os maiores de 55 anos e as persoas cun nivel de estudos baixo (ata educación primaria).




VI. Perfís da poboación que acada alomenos competencias básicas (Básicas ou Avanzadas)

VI. Competencias Dixitais alomenos básicas (básicas ou avanzadas) segundo características sociodemográficas. Galicia



Competencias Dixitais alomenos básicas segundo características sociodemográficas principais
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: Fonte: INE (ETH) 2020


Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"

VI. Competencias Dixitais alomenos básicas (básicas ou avanzadas) segundo características sociodemográficas. Comparativa coa media estatal



Competencias Dixitais alomenos básicas segundo características sociodemográficas principais
Comparación Galicia-España 2020
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo

Perfil sociodemográfico da poboación con capacidades dixitais alo menos básicas por dimensións



INFORMACIÓN

SEXO: MULLER

81,1%

IDADE: 25-34 ANOS

96,4%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

100%

ESTUDOS: UNIVERSITARIOS

98,8%

HÁBITAT: DE 20 A 50 MIL HABITANTES

84,1%

Nº PERSOAS NO FOGAR: 5 OU MÁIS

92,6%



COMUNICACIÓN

SEXO: HOME

81,6%

IDADE: 16-24 ANOS

98,9%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

98,6%

ESTUDOS: UNIVERSITARIOS

97,5%

HÁBITAT: MÁIS DE 100 MIL HABITANTES

86,3%

Nº PERSOAS NO FOGAR: FOGARES DE 4 MEMBROS

89,3%



INDICADOR GLOBAL DE COMPETENCIAS DIXITAIS

SEXO: HOME

55,1%

IDADE: 16-24 ANOS

81,8%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

97,1%

ESTUDOS: DOUTORAMENTO

100%

HÁBITAT: MÁIS DE 100 MIL HABITANTES

57,2%

Nº PERSOAS NO FOGAR: 5 OU MÁIS

72,3%



RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

SEXO: HOME

75,7%

IDADE: 16-24 ANOS

100%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

100%

ESTUDOS: UNIVERSITARIOS

97,9%

HÁBITAT: DE 50 A 100 MIL HABITANTES

79,1%

Nº PERSOAS NO FOGAR: 4 MEMBROS

87,7%



SOFTWARE

SEXO: HOME

58,6%

IDADE: 16-24 ANOS

84,1%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

97,1%

ESTUDOS: UNIVERSITARIOS

92,1%

HÁBITAT: MÁIS DE 100 MIL HABITANTES

61,8%

Nº PERSOAS NO FOGAR: 5 OU MÁIS

74,4%


VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo

Poboación Internauta



A continuación móstranse os datos anteriores considerando soamente a poboación que utilizou internet nos últimos tres meses en lugar do conxunto da poboación.

Cabe salientar que máis do 91% dos internautas galegos teñen competencias de información e comunicación en nivel básico ou avanzado e sitúase no 85,7% en competencias de resolución de problemas.



VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo

Poboación Internauta



		Competencias alomenos básicas entre os internautas				
		Competencias Dixitais	Competencias de Información	Competencias de Comunicación	Competencias de Resolución de Problemas	Competencias de Software
Xénero	Home	64,2%	91,0%	94,1%	87,8%	68,2%
	Muller	55,7%	92,3%	90,8%	83,8%	59,1%
	Total (%)	59,5%	91,3%	92,3%	85,7%	63,1%
Idade	16-24 anos	81,8%	95,5%	98,9%	100%	84,1%
	25-34 anos	74,4%	96,4%	97,8%	89,3%	80,4%
	35-44 anos	70,8%	96,7%	94,9%	94,0%	73,0%
	45-54 anos	57,9%	92,3%	93,2%	87,7%	59,8%
	55-64 anos	43,0%	85,2%	86,6%	74,3%	47,2%
	65-74 anos	20,6%	78,7%	79,1%	59,9%	29,6%
	Total (%)	59,5%	91,3%	92,3%	85,7%	63,1%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	49,5%	83,5%	90,5%	77,7%	52,2%
	Fogares de 2 membros	45,0%	86,2%	88,1%	76,9%	50,9%
	Fogares de 3 membros	57,6%	92,9%	93,0%	86,5%	62,3%
	Fogares de 4 membros	72,8%	96,0%	96,0%	94,2%	74,5%
	Fogares de 5 ou máis membros	74,9%	95,9%	90,6%	84,3%	77,1%
	Total (%)	59,5%	91,3%	92,3%	85,7%	63,1%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	62,6%	91,1%	93,4%	88,0%	67,6%
	De 50 a 100 mil habitantes	68,1%	100%	96,9%	95,0%	71,5%
	De 20 a 50 mil habitantes	61,5%	95,5%	93,1%	86,8%	65,0%
	De 10 a 20 mil habitantes	57,5%	89,8%	91,3%	79,0%	59,4%
	Menos de 10 mil habitantes	54,2%	89,1%	90,3%	84,8%	57,8%
	Total (%)	59,5%	91,3%	92,3%	85,7%	63,1%
Provincia	A Coruña	64,7%	95,5%	94,1%	90,5%	68,5%
	Lugo	51,4%	86,9%	88,8%	79,6%	55,5%
	Ourense	58,6%	92,3%	90,3%	85,9%	58,6%
	Pontevedra	56,9%	88,3%	92,3%	81,7%	61,8%
	Total (%)	59,5%	91,3%	92,3%	85,7%	63,1%

VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo

Poboación Internauta



		Competencias alomenos básicas entre os internautas				
		Competencias Dixitais	Competencias de Información	Competencias de Comunicación	Competencias de Resolución de Problemas	Competencias de Software
Sit. Laboral	Activos ocupados	65,9%	93,4%	95,0%	89,8%	68,5%
	Activos parados	50,6%	93,3%	92,3%	84,7%	60,3%
	Estudantes	97,1%	100%	98,6%	100%	97,1%
	Labores do fogar	16,4%	76,0%	82,8%	51,9%	27,8%
	Pensionistas	27,0%	81,3%	79,2%	65,1%	33,0%
	Outra situación laboral	51,8%	88,3%	88,3%	85,5%	51,8%
	Total (%)	59,5%	91,3%	92,3%	85,7%	63,1%
Nivel de Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	15,4%	76,5%	88,2%	61,5%	19,0%
	Educación Primaria	14,4%	65,8%	74,7%	59,0%	16,7%
	Primeira etapa de Educación Secundaria	40,2%	87,4%	90,5%	77,6%	45,5%
	Segunda etapa de Educación Secundaria	63,2%	94,5%	92,4%	86,6%	68,7%
	Formación Profesional de Grao Superior	74,4%	97,4%	99,3%	96,5%	74,4%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	84,8%	98,6%	98,8%	97,9%	87,6%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalentes	88,2%	99,2%	94,5%	97,0%	89,9%
	Doutoramento universitario	100%	100%	100%	100%	100%
	Outros	25,2%	100,0%	49%	100%	76,8%
Total (%)		59,5%	91,3%	92,3%	85,7%	63,1%



VII. Conclusiones

VII. Conclusións



TENDENCIAS

A transformación dixital de Galicia reflíctese no aumento das competencias dixitais avanzadas entre a poboación. O crecemento observado no último ano en Galicia é superior en xeral ao do territorio nacional.

As competencias dixitais avanzadas dos internautas galegos converxen coas de Europa
As competencias avanzadas están máis estendidas entre as persoas de 16 a 24 anos, estudantes ou persoas con formación universitaria e con rendas elevadas.

DEBILIDADES

Aínda existe unha ampla porcentaxe de poboación que non son avalsiables, é dicir, que non empregan Internet (12,6% fronte ao 6,8% da media estatal)

As competencias dixitais baixas concéntranse, autónomos/as (por conta propia – 53,2%) a poboación a partir dos 55 anos, os/as dedicados a labores do fogar ou pensionistas, quen conta cun nivel de estudos inferior á segunda etapa de secundaria, e entre aqueles/as que contan con renda inferior aos 900 euros.



COMPETENCIAS DIXITAIS

O 72,5% da poboación galega de 16 a 74 anos ten competencias avanzadas na categoría de información e o 68,5% conta con competencias avanzadas en comunicación.


Máis da metade poboación de 16 a 74 anos presenta competencias avanzadas na dimensión de resolución de problemas (54%) e, no que se refire ás competencias avanzadas no uso de software ,a porcentaxe sitúase no 40,4%,

PERSPECTIVA DE CRECEMENTO

A porcentaxe de galegos/as con competencias dixitais avanzadas incrementouse un 21,7% no último ano, mentres que o crecemento no territorio nacional no mesmo período foi de 13,9%.

Estes datos mostran unha tendencia positiva. Non obstante, este incremento da capacitación dixital dependerá, entre outros factores, de:

- Progresiva incorporación das persoas que actualmente non empregan Internet
- Aumento do nivel educativo xeral que segue unha tendencia paralela ao aumento do nivel dixitalización
- Impulso na dixitalización dos autónomos/as e a poboación maior de 55 anos



VIII. Outros estudos OSIMGA de referencia

VIII. Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe avalia a evolución da dixitalización na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estructural a fogares" do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.



O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais dende o punto de vista do emprego, a riqueza e a demografía empresarial.



Este estudo permitiu identificar os perís dixitais presentes no tecido empresarial galego e detectar a demanda de novas especializacións, especialmente no ámbito das tecnoloxías disruptivas.. Presta especial atención ao papel que desenvolven no mercado laboral as persoas con titulacións STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Matemáticas e Enxeñarías).



Este estudo ten coma obxectivos presentar datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, e identifica as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas e analiza o nivel de formación das mulleres galegas contratadas nas empresas TIC.



A información que se presenta procede da "Enquisa sobre o uso de TIC e do comercio electrónico nas empresas. Ano 2019 - Primeiro trimestre do ano 2020" do Instituto Nacional de Estatística (INE). Describe o nivel de dixitalización do tecido empresarial galego.



O estudo "Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia. Edición 2020", elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información en Galicia (Osimga), é un estudo de referencia do sector empresarial TIC galego, incluído no Plan Galego de Estatística 2017-2021. Presenta información directa de máis de 450 empresas tecnolóxicas galegas.

